

PLAN DE ACCIÓN

Seitura 22

Obxectivo xeral	Mellora da capacidade de organización da poboación (dinamización social), integración comarcal e mellora da calidade de vida.		
Obxectivo específico	Animar a participación da poboación na implementación da estratexia de desenvolvemento.		
Actuación	Promover a coordinación e o traballo en rede das entidades.		
Descrición / Xustificación	Unha das claves do éxito do programa, que virá determinado pola medida na que se acaden os obxectivos, é o nivel de información do que dispoña a poboación. Por iso unha actuación irrenunciable e prioritaria é a propia difusión do programa. Pola relevancia da mesma trátase dunha necesidade xa recollida na propia convocatoria que conleva a elaboración dun Plan de Difusión específico que está definido no apartado correspondente.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Dar a coñecer a existencia da convocatoria de axudas Leader e do Plan Estratéxico de Asoc. Seitura 22.			
Accións relacionadas:			
Todas, dado que esta primeira actuación é necesaria para poder desenvolver o resto de actuacións.			
Proxectos identificados:			
Realización de charlas de presentación nos diferentes concellos da entidade. Desenvolvemento de páxina web de Seitura 22. Presencia nas redes sociais para informar da actividade da Asociación. Elaboración de notas de prensa, informes ou memorias de actividade.			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de reunións celebradas. Número de novas e notas de prensa xeneradas. Número de solicitudes de axuda presentadas.			

Obxectivo xeral	Mellora da capacidade de organización da poboación (dinamización social), integración comarcal e mellora da calidade de vida.		
Obxectivo específico	Animar a participación da poboación na implementación da estratexia de desenvolvemento.		
Actuación	Reforzamento do tecido asociativo. Dinamización das Mesas Sectoriais. Promover unha maior participación da sociedade na construción e execución da estratexia de desenvolvemento do territorio.		
Descrición / Xustificación	As actividades de animación son fundamentais, como medidas de acompañamento, para que podamos acadar os obxectivos da estratexia e a execución do programa non consista nunha serie de actuacións ailladas. Así a participación e o desenvolvemento da estruturación dos diferentes sectores dependerán dos avances das diferentes Mesas Sectoriais.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Dinamización da participación na Asociación e coordinación das actuacións cooperativas da Estratexia.			
Accións relacionadas:			
1.1 Desenvolver o Plan de Difusión da Estratexía. Accións de información e comunicación. 2.1 Estímulo á creación de servizos mancomunados e a transversalidade das actuacións. 2.2 Promover a coordinación e o traballo en rede das entidades. 9.3 Incentivar a comercialización en circuitos curtos. 10.2 Rede de asesoramento ao emprendemento. 12.3 Mellorar a coordinación da información e a comercialización do Xeodestino.			
Proxectos identificados:			
Convocatoria das Mesas Agroforestal, Benestar, Turismo, Institucional, Sociocomunitaria, Empresarial.			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de convocatorias/reunións celebradas. Número de iniciativas cooperativas postos en marcha. Número de solicitudes de axuda presentadas relacionadas coa dinamización sectorial.			

Obxectivo xeral	Mellora da capacidade de organización da poboación (dinamización social), integración comarcal e mellora da calidade de vida.		
Obxectivo específico	Animar a participación da poboación na implementación da estratexia de desenvolvemento.		
Actuación	Capacitar ás asociacións para unha contribución eficaz á dinamización cultural e social do territorio.		
Descrición / Xustificación	Promoveranse actuacións formativas, así como encontros e xornadas entre as asociacións, que lles permitan adquirir ou mellorar as súas capacidades como axentes clave na dinamización social do territorio.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	X
Resultados previstos			
Contribuir á dinamización da actividade das entidades asociativas do territorio.			
Accións relacionadas:			
2.2 Promover a coordinación e o traballo en rede das entidades.			
3.1 Realización e difusión de estudos sobre o patrimonio natural, histórico e cultural da zona. (Fomento e consolidación da identidade comarcal e dos lazos entre a poboación dos diversos concellos.)			
Proxectos identificados:			
Realización de encontros e xornadas técnicas.			
Realización de accións formativas.			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de encontros/xornadas técnicas celebradas.			
Número de persoas activas participantes en formación para asociacións.			

Obxectivo xeral	Mellora da capacidade de organización da poboación (dinamización social), integración comarcal e mellora da calidade de vida.		
Obxectivo específico	Promover a cooperación das institucións e entidades no desenvolvemento da estratexia.		
Actuación	Estímulo á creación de servizos mancomunados e a transversalidade das actuacións (proxectos supramunicipais).		
Descrición / Xustificación	<p>O fomento de servizos mancomunados responde a unha lóxica de eficiencia na dotación de servizos básicos, que son determinantes da calidade de vida no territorio. Asímesmo moitas actuacións son máis eficientes desde unha óptica territorial que as veces supera a puramente administrativa (p.ex. cauces fluviais).</p> <p>Esta acción realizarase a través do labor de animación da estratexia e co apoio dos Criterios de Selección de Proxectos.</p>		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Explorar o interese en abordar actuacións conxuntamente así como partillar servizos.			
Accións relacionadas:			
<p>4.3 Promoción e desenvolvemento dos roteiros históricos como elemento integrador do territorio.</p> <p>4.4 Desenvolvemento de figuras e programas de posta en valor que reforcen a xestión e conservación dos recursos patrimoniais.</p> <p>6.1 Rexeneración de espazos degradados e naturalización de infraestruturas.</p> <p>6.2 Mellora da xestión de residuos. Fomento da compostaxe.</p> <p>7.1 Censo mobilidade parcelas</p> <p>10.3 Incentivar a comercialización en circuitos curtos. (Rede mercados locais).</p> <p>11.2 Rede de asesoramento ao emprendemento.</p> <p>13.3 Mellorar a coordinación da información e a comercialización do Xeodestino.</p>			
Proxectos identificados:			
<p>Censo mobilidade parcelas.</p> <p>Rede de mercados locais.</p>			
Indicadores de seguemento / Resultado			
<p>Número de servizos compartidos.</p> <p>Número de iniciativas cooperativas postos en marcha.</p> <p>Número de solicitudes de axuda actuacións supramunicipais.</p>			

Obxectivo xeral	Mellora da capacidade de organización da poboación (dinamización social), integración comarcal e mellora da calidade de vida.		
Obxectivo específico	Promover a cooperación das institucións e entidades no desenvolvemento da estratexia.		
Actuación	Promover a coordinación e o traballo en rede das entidades.		
Descrición / Xustificación	Fomentar unha cultura de cooperación entre as asociacións dos diversos concellos da comarca que permita unha maior eficiencia no emprego dos recursos e unha mellor cobertura dos intereses da poboación.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Incrementar os intercambios de información e experiencias entre as entidades.			
Accións relacionadas:			
L2 Reforzamento do tecido asociativo. Dinamización das Mesas Sectoriais. Promover unha maior participación da sociedade na construción e execución da estratexia de desenvolvemento do territorio.			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de iniciativas cooperativas postos en marcha por parte das entidades.			

Obxectivo xeral	Mellora da capacidade de organización da poboación (dinamización social), integración comarcal e mellora da calidade de vida.		
Obxectivo específico	Dotación e mellora de servizos á poboación local.		
Actuación	Apoiar investimentos para a creación, ampliación e mellora dos servizos comerciais.		
Descrición / Xustificación	Búscase mellorar a oferta comercial no rural. Especialmente con aqueles servizos relacionados cos Obxectivos Estratéxicos ou xerais, como p.ex. os servizos de distribución alimentaria baseados nunha oferta de produtos locais.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Incrementar e mellorar a oferta comercial do territorio, mais alá da xa establecida nos grandes núcleos (Ferrol, Narón e As Pontes).			
Accións relacionadas:			
11.1 Creación e modernización de pemes. 11.2 Rede de asesoramento ao emprendemento.			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de proxectos relacionados coa mellora da oferta dos servizos comerciais.			

Obxectivo xeral	Mellora da capacidade de organización da poboación (dinamización social), integración comarcal e mellora da calidade de vida.		
Obxectivo específico	Dotación e mellora de servizos á poboación local.		
Actuación	Dotación de servizos asistenciais dirixidos aos colectivos desfavorecidos (terceira idade, mulleres, mozos e discapacitados).		
Descrición / Xustificación	A pretensión é a de avanzar cara a consolidación dunha rede asistencial a ditos colectivos, mellorando a actual oferta existente, o que inclúe mellorar o coñecemento da oferta de servizos e recursos de que dispón o territorio, co fin de facilitar o acceso aos mesmos. Apoiar a dotación de servizos asistenciais á colectivos priorizados: centros de día, garderías, axuda a domicilio, instalacións de entidades de benestar que faciliten a prestación de servizos.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Incrementar a oferta de servizos asistenciais do territorio así como o número de prazas/usuarios dos mesmos.			
Accións relacionadas:			
1.2 Reforzamento do tecido asociativo. Dinamización das Mesas Sectoriais. Promover unha maior participación da sociedade na construción e execución da estratexia de desenvolvemento do territorio. 2.2 Promover a coordinación e o traballo en rede das entidades.			
Proxectos identificados:			
Ampliación de Residencia da terceira idade: Trátase dunha iniciativa que xa foi beneficiaria do programa Leader + e que agora precisa dunha ampliación para adaptarse a demanda de prazas dos últimos anos. Creación dunha residencia promovida por unha entidade que traballa con discapacitados psíquicos. Trátase dun proxecto presentado no Leader 7-13 que non foi aprobado por falta de financiación e concorre a este novo período. Acondicionamento dun espazo para prestar servizos de rehabilitación persoal. Proxecto promovido por outra entidade que traballa con discapacitados psíquicos e que xa conta con dous centros no territorio.			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de expedientes creados: Novos servizos ofertados no territorio. Nº de prazas creadas.			

Obxectivo xeral	Mellora da capacidade de organización da poboación (dinamización social), integración comarcal e mellora da calidade de vida.		
Obxectivo específico	Dotación e mellora de servizos á poboación local.		
Actuación	Investimentos para a mellora da mobilidade e acceso á servizos para persoas con discapacidade e colectivos desfavorecidos.		
Descrición / Xustificación	Ademais de mellorar a oferta existente pretendese abordar tamén as posibilidades de acceder a ela.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Apoiar ás entidades que pretenden acometer investimentos relacionados coa mobilidade.			
Accións relacionadas:			
<p>1.2 Reforzamento do tecido asociativo. Dinamización das Mesas Sectoriais. Promover unha maior participación da sociedade na construción e execución da estratexia de desenvolvemento do territorio.</p> <p>2.2 Promover a coordinación e o traballo en rede das entidades.</p> <p>3.2 Dotación de servizos asistenciais dirixidos aos colectivos desfavorecidos (terceira idade, mulleres, mozos e discapacitados).</p>			
Proxectos identificados:			
<p>Compra dun vehículo adaptado para facilitar o acceso dos usuarios aos servizos ofertados. Proxecto promovido por unha entidade que traballa con discapacitados psíquicos. Contemplárase a posibilidade de compartir dito recurso con outras entidades en aras de contribuir á "rede asistencial" do territorio.</p>			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de proxectos de mobilidade postos e nmarcha.			

Obxectivo xeral	Mellora da capacidade de organización da poboación (dinamización social), integración comarcal e mellora da calidade de vida.		
Obxectivo específico	Dotación e mellora de servizos á poboación local.		
Actuación	Difusión das novas tecnoloxías da información e comunicación entre as empresas e a poboación do territorio.		
Descrición / Xustificación	Difusión entre os axentes do territorio, das novas tecnoloxías da comunicación, concebidas como mecanismo de acceso á información, ao coñecemento, a servizos e a mercados. Neste sentido propóñense accións destinadas a garantir a conectividade, promover a formación e incrementar o uso da rede entre a poboación. A formación estará orientada ao manexo das TIC's en áreas como a xestión e a comercialización.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	X
Resultados previstos			
Mellorar a accesibilidade no territorio.			
Accións relacionadas:			
11.1 Creación e modernización de pemes.			
Proxectos identificados:			
Unha actuación encaminada a mellorar a accesibilidade a internet no rural foi presentada no Leader 7-13, pero non foi aprobada por falta de financiación, polo que concorrirá novamente neste novo período.			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de expedientes postos en marcha relacionados coas TIC's.			
Número de actividades formativas desenvoltas.			
Nº de persoas participantes nas actividades de formación.			

Obxectivo xeral	Conservación e posta en valor dos recursos patrimoniais; naturais e culturais.		
Obxectivo específico	Recuperación, rehabilitación e mellora do patrimonio.		
Actuación	Realización e difusión de estudos sobre o patrimonio natural, histórico e cultural da zona.		
Descrición / Xustificación	<p>Na medida en que non existe territorio sen unha cultura e identidade do mesmo, e que a participación nun proxecto común fundaméntase na existencia de lazos entre os axentes, é necesario reforzar os elementos de recoñecemento mutuo e veciñanza.</p> <p>Difusión do coñecemento acadado mediante xornadas, conferencias ou publicacións.</p>		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Fomento e consolidación da identidade comarcal e dos lazos entre a poboación.			
Accións relacionadas:			
<p>1.2 Reforzamento do tecido asociativo. Dinamización das Mesas Sectoriais. Promover unha maior participación da sociedade na construción e execución da estratexia de desenvolvemento do territorio.</p> <p>1.3 Capacitar ás asociacións para unha contribución eficaz á dinamización cultural e social do territorio.</p> <p>2.2 Promover a coordinación e o traballo en rede das entidades.</p> <p>4.2 Recuperación de elementos históricos, culturais e patrimoniais.</p> <p>4.3 Promoción e desenvolvemento dos roteiros históricos como elemento integrador do territorio.</p> <p>4.4 Desenvolvemento de figuras e programas de posta en valor que reforcen a xestión e conservación dos recursos patrimoniais.</p> <p>5.1 Promover o coñecemento, estudo e intercambios sobre os espazos protexidos.</p> <p>6.1 Rexeneración de espazos degradados e naturalización de infraestruturas.</p>			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado			
<p>Número de expedientes postos en marcha relacionados coa difusión do patrimonio.</p> <p>Número de actividades sobre o patrimonio desenvoltas.</p> <p>Nº de persoas participantes nas actividades levadas a cabo.</p>			

Obxectivo xeral	Conservación e posta en valor dos recursos patrimoniais; naturais e culturais.		
Obxectivo específico	Recuperación, rehabilitación e mellora do patrimonio.		
Actuación	Recuperación de elementos históricos, culturais e patrimoniais.		
Descrición / Xustificación	Fomentar e apoiar proxectos que axuden a rehabilitar e poñer en valor os recursos patrimoniais, culturais e etnográficos do territorio, para colaborar na necesaria conservación dos mesmos e fomentar o seu uso como produto turístico.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Cooperar na conservación dos elementos patrimoniais.			
Accións relacionadas:			
1.3 Capacitar ás asociacións para unha contribución eficaz á dinamización cultural e social do territorio.			
4.1 Realización e difusión de estudos sobre o patrimonio natural, histórico e cultural da zona.			
4.3 Promoción e desenvolvemento dos roteiros históricos como elemento integrador do territorio.			
4.4 Desenvolvemento de figuras e programas de posta en valor que reforcen a xestión e conservación dos recursos patrimoniais.			
1.3.2 Crear produtos turísticos a partir dos principais recursos.			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de expedientes postos en marcha relacionados coa recuperación do patrimonio.			

PLAN DE ACCIÓN SEITURA 22

4.3

Obxectivo xeral	Conservación e posta en valor dos recursos patrimoniais; naturais e culturais.		
Obxectivo específico	Recuperación, rehabilitación e mellora do patrimonio.		
Actuación	Promoción e desenvolvemento dos roteiros históricos como elemento integrador do territorio.		
Descrición / Xustificación	Actuacións de mellora da sinalización e promocionais dos roteiros históricos do territorio; Camiño Inglés, Camiño a San Andrés, Arrieiros(Bares-As Pontes), Medieval (Betanzos-S.Andrés) e caminería histórica. Dado que ademais dun patrimonio e un recurso turístico contribúen á estruturación do territorio.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Cooperar na conservación e promoción dos roteiros históricos.			
Accións relacionadas:			
1.3 Capacitar ás asociacións para unha contribución eficaz á dinamización cultural e social do territorio.			
4.1 Realización e difusión de estudos sobre o patrimonio natural, histórico e cultural da zona.			
4.2 Recuperación de elementos históricos, culturais e patrimoniais.			
4.4 Desenvolvemento de figuras e programas de posta en valor que reforcen a xestión e conservación dos recursos patrimoniais.			
1.3.2 Crear produtos turísticos a partir dos principais recursos.			
Proxectos identificados:			
Sinalización do camiño dos Arrieiros entre Bares e As Pontes.			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de expedientes postos en marcha relacionados cos roteiros históricos.			

PLAN DE ACCIÓN SEITURA 22

4,4

Obxectivo xeral	Conservación e posta en valor dos recursos patrimoniais; naturais e culturais.		
Obxectivo específico	Recuperación, rehabilitación e mellora do patrimonio.		
Actuación	Desenvolvemento de figuras, programas e actuacións de posta en valor que reforcen a xestión e conservación dos recursos patrimoniais.		
Descrición / Xustificación	Apoiar a tramitación e consolidación de figuras e proxectos que contribúan a conservación do patrimonio e o mesmo tempo a súa presentación como produto turístico. Figuras como o Xeoparque do Ortegaleira ou a Carta Europea de Turismo Sostible e proxectos como o Espazo Temático Patrimonial Eume-Xuvia, Centros Interpretación, Museos, etc.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Avanzar na posta en valor e xestión dos elementos patrimoniais.			
Accións relacionadas:			
1.3 Capacitar ás asociacións para unha contribución eficaz á dinamización cultural e social do territorio.			
4.1 Realización e difusión de estudos sobre o patrimonio natural, histórico e cultural da zona.			
4.2 Recuperación de elementos históricos, culturais e patrimoniais.			
4.3 Promoción e desenvolvemento dos roteiros históricos como elemento integrador do territorio.			
1.3.2 Crear produtos turísticos a partir dos principais recursos.			
Proxectos identificados:			
Creación do Xeoparque do Ortegaleira.			
Indicadores de seguimento / Resultado			
Número de expedientes postos en marcha relacionados coa xestión patrimonial.			

PLAN DE ACCIÓN SEITURA 22

5.1

Obxectivo xeral	Conservación e posta en valor dos recursos patrimoniais; naturais e culturais.		
Obxectivo específico	Apoiar a consolidación e desenvolvemento dos espazos naturais protexidos.		
Actuación	Promover o coñecemento, estudo e intercambios sobre os espazos naturais protexidos.		
Descrición / Xustificación	O desenvolvemento da Rede Natura está a ser un proceso complexo, neste sentido preténdese ampliar e difundir os coñecementos sobre o mesmo, de tal maneira que a poboación poida participar tanto na elaboración, difusión e posta en marcha dos instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos como na conservación dos hábitats prioritarios.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Avanzar na posta en valor e xestión dos espazos naturais protexidos.			
Accións relacionadas:			
1.3 Capacitar ás asociacións para unha contribución eficaz á dinamización cultural e social do territorio.			
4.1 Realización e difusión de estudos sobre o patrimonio natural, histórico e cultural da zona.			
4.4 Desenvolvemento de figuras e programas de posta en valor que reforcen a xestión e conservación dos recursos patrimoniais.			
5.2 Apoiar a figura de custodia do territorio nos espazos protexidos.			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de actividades (visitas, seminarios, xornadas, edición de materiais) sobre a Rede Natura realizadas.			
Proxectos de investigación sobre os hábitats prioritarios realizados.			

PLAN DE ACCIÓN SEITURA 22

5.2

Obxectivo xeral	Conservación e posta en valor dos recursos patrimoniais; naturais e culturais.		
Obxectivo específico	Apoiar a consolidación e desenvolvemento dos espazos naturais protexidos.		
Actuación	Apoiar a figura de custodia do territorio nos espazos protexidos.		
Descrición / Xustificación	Respaldar a realización de actuacións de custodia do territorio, que estean previamente concertadas coa propiedade e que busquen a preservación da biodiversidade.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUCTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUCTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Avanzar na posta en valor e xestión dos espazos naturais protexidos.			
Accións relacionadas:			
1.3 Capacitar ás asociacións para unha contribución eficaz á dinamización cultural e social do territorio.			
4.1 Realización e difusión de estudos sobre o patrimonio natural, histórico e cultural da zona.			
5.1 Promover o coñecemento, estudo e intercambios sobre os espazos naturais protexidos.			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de proxectos de custodia respaldados.			

PLAN DE ACCIÓN SEITURA 22

6.1

Obxectivo xeral	Conservación e posta en valor dos recursos patrimoniais; naturais e culturais.		
Obxectivo específico	Promover a conservación da biodiversidade e a paisaxe		
Actuación	Rexeneración de espazos degradados e naturalización de infraestructuras.		
Descrición / Xustificación	Actuacións ambientais que contribúan a revertir a situación de espazos deteriorados, eliminando impactos negativos sobre a paisaxe, limpeza e acondicionamento dos ríos, etc.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Mellorar a situación ambiental da comarca.			
Accións relacionadas:			
2.1 Estímulo a creación de servizos mancomunados e a transversalidade das actuacións. 4.1 Realización e difusión de estudos sobre o patrimonio natural, histórico e cultural da zona. 5.1 Promover o coñecemento, estudo e intercambios sobre os espazos naturais protexidos. 9.3 Respaldar actuacións que fomenten a biodiversidade e o coidado da paisaxe.			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de proxectos de restauración ambiental promovidos.			

PLAN DE ACCIÓN SEITURA 22

6.2

Obxectivo xeral	Conservación e posta en valor dos recursos patrimoniais; naturais e culturais.		
Obxectivo específico	Promover a conservación da biodiversidade e a paisaxe.		
Actuación	Mellora da xestión de residuos. Fomento da compostaxe.		
Descrición / Xustificación	Esta actuación pretende dar continuidade as actuacións que neste sentido veñen emprendendo distintos concellos nos últimos anos e que a próxima entrada en vigor de cambios legislativos obrigarán a incrementar as porcentaxes de materia orgánica compostada, polo que		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Promoción dunha mellor separación dos residuos domésticos e da compostaxe dos mesmos, para reducir os envíos a Sogama.			
Accións relacionadas:			
1.3 Capacitar ás asociacións para unha contribución eficaz á dinamización cultural e social do territorio.			
2.1 Estímulo á creación de servizos mancomunados e a transversalidade das actuacións.			
6.1 Rexeneración de espazos degradados e naturalización de infraestructuras.			
Proxectos identificados:			
Campañas de sensibilización, acompañamento do proceso de separación e compostaxe dos residuos.			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de proxectos que incidan na xestión dos residuos.			
%de redución da fracción orgánica nos concellos participantes desta actuación.			

PLAN DE ACCIÓN SEITURA 22

7.1

Obxectivo xeral	Mellora e diversificación dos sistemas de produción, transformación e comercialización agroalimentarios e forestais.		
Obxectivo específico	Mellora da eficiencia na xestión das explotacións agrarias.		
Actuación	Desenvolver un censo para promover a mobilidade das parcelas.		
Descrición / Xustificación	Dadas as carencias en materia de ordenación do territorio, estimase necesario facilitar a mobilidade da terra, a través de permutas, aparcerías ou outros mecanismos. Así crearase un censo coas parcelas agrarias e de montes susceptibles de arrendarse ou de aceptar outros mecanismos de intercambio en áreas de facilitar dita mobilidade.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Incremento da base territorial das explotacións participantes no programa.			
Accións relacionadas:			
7.2 Investimentos en proxectos produtivos. Especialmente aqueles de producións respetuosas co medio; ecolóxicas e fundamentadas en variedades autóctonas.			
8.1 Apoiar o desenvolvemento da función produtiva do monte.			
Proxectos identificados:			
Creación de base de datos de parcelas susceptibles de mobilizarse.			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de usuarios da base de datos.			
Número de parcelas efectivamente mobilizadas.			

Obxectivo xeral	Mellora e diversificación dos sistemas de produción, transformación e comercialización agroalimentarios e forestais.		
Obxectivo específico	Mellora da eficiencia na xestión das explotacións agrarias.		
Actuación	Investimentos en proxectos produtivos. Especialmente aqueles de producións respetuosas co medio; ecolóxicas e fundamentadas en variedades autóctonas.		
Descrición / Xustificación	Promoción de pequenos investimentos que redunden na viabilidade das explotacións. Prestando atención a diversificación produtiva centrada en producións ecolóxicas e de ecotipos locais, no caso da fruticultura.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Mellora na viabilidade das explotacións.			
Accións relacionadas:			
7.1 Desenvolver un censo para promover a mobilidade das parcelas. 9.1 Potenciar a diferenciación das producións primaria a través do acceso ás marcas de calidade. 9.2 Promover a Transformación produto local. 9.3 Incentivar a comercialización en circuitos curtos.			
Proxectos identificados:			
Dotación de infraestruturas de manexo nunha explotación gandeira.			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de expedientes tramitados de mellora de explotacións.			

Obxectivo xeral	Mellora e diversificación dos sistemas de produción, transformación e comercialización agroalimentarios e forestais.		
Obxectivo específico	Mellora da eficiencia na xestión das explotacións agrarias.		
Actuación	Promover a eficiencia enerxética nas explotacións.		
Descrición / Xustificación	Investimentos orientados á mellora da eficiencia enerxética das explotacións; ben a través do emprego de enerxías renovables ben a través da minoración dos consumos enerxéticos.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUCTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUCTIVA		FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Mellora da eficiencia enerxética nas explotacións.			
Accións relacionadas:			
7.1 Desenvolver un censo para promover a mobilidade das parcelas. 7.2 Investimentos en proxectos produtivos. 9.2 Promover a transformación produto local.			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de expedientes tramitados de mellora de eficiencia enerxética nas explotacións.			

PLAN DE ACCIÓN SEITURA 22

8.1

Obxectivo xeral	Mellora e diversificación dos sistemas de produción, transformación e comercialización agroalimentarios e forestais.		
Obxectivo específico	Fomentar a xestión multifuncional do monte.		
Actuación	Apoiar o desenvolvemento da función produtiva do monte		
Descrición / Xustificación	Promover a elaboración de plans de xestión, a certificación forestal, a creación de infraestruturas in situ (acondicionamento, como cargadoiros e outros). Extender a actividade da acción 7.1 (intermediación para a mobilidade de terras) ao sector forestal cunha certa interlocución para unha xestión conxunta.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Accións relacionadas:			
7.1 Desenvolver un censo para promover a mobilidade das parcelas.			
8.2 Incentivar a valorización de producións complementarias; micoloxía, pequenos froitos, etc.			
8.3 Respalda accións que fomenten a biodiversidade e o coidado da paisaxe, así como investimentos sociais.			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de expedientes tramitados.			

PLAN DE ACCIÓN SEITURA 22

8.2

Obxectivo xeral	Mellora e diversificación dos sistemas de produción, transformación e comercialización agroalimentarios e forestais.		
Obxectivo específico	Fomentar a xestión multifuncional do monte.		
Actuación	Incentivar a valorización de producións complementarias; micoloxía, pequenos froitos, etc.		
Descrición / Xustificación	Aproveitar a tradición e potencialidade dos montes do territorio, A Capelada ou o Monte Forgoselo -xa acotado micolóxicamente- de tal maneira que os usufrutuarios podan beneficiarse de dita potencialidade.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Implicar aos propietarios dos montes na comercialización das producións complementarias.			
Accións relacionadas:			
7.1 Desenvolver un censo para promover a mobilidade das parcelas. 8.1 Apoiar o desenvolvemento da función produtiva do monte. 8.3 Respaldar accións que fomenten a biodiversidade e o coidado da paisaxe, así como investimentos sociais.			
Proxectos identificados:			
Explotación do monte acotado do Forgoselo.			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de expedientes tramitados que aproveiten as producións complementarias do monte.			

Obxectivo xeral	Mellora e diversificación dos sistemas de produción, transformación e comercialización agroalimentarios e forestais.		
Obxectivo específico	Fomentar a xestión multifuncional do monte.		
Actuación	Respaldar accións que fomenten a biodiversidade e o coidado da paisaxe, así como outros investimentos sociais.		
Descrición / Xustificación	Apoiar as actuacións que desenvolvan as función sociais e ambientais dos nosos montes. Infraestruturas como áreas de lecer, rutas, etc., ou actuacións que redunden na conservación ambiental.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Potenciación dos usos sociais e ambientais do monte.			
Accións relacionadas:			
7.1 Desenvolver un censo para promover a mobilidade das parcelas. 8.1 Apoiar o desenvolvemento da función produtiva do monte. 8.2 Incentivar a valorización de producións complementarias; micoloxía, pequenos froitos.			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de actuacións sociais e ambientais nos montes.			

Obxectivo xeral	Mellora e diversificación dos sistemas de produción, transformación e comercialización agroalimentaria e forestal.		
Obxectivo específico	Mellorar a competitividade dos produtores primarios, fornecendo de valor engadido os produtos agrarios e promocionándoos nos mercados locais.		
Actuación	Potenciar a diferenciación das producións primarias a través do acceso ás marcas de calidade.		
Descrición / Xustificación	Esta acción pretende por unha banda incentivar as marcas de Calidade (amparadas pola Lei de Marcas) e por outra apoiar aos produtores a acceder a estas. De tal xeito, que as actuacións axuden aos produtores a diferenciar as súas producións, permitíndolles entrar no mercado cunha diferenciación do seu produto recoñecida polo consumidor coa fin de mellorar a comercialización.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Creación e apoio ás Marcas de Calidade do territorio e incorporación dos produtores ás mesmas.			
Accións relacionadas:			
1.2 Reforzamento do tecido asociativo. Dinamización das Mesas Sectoriais			
7.2 Investimentos en proxectos produtivos. Especialmente aqueles de producións respetuosas co medio; ecolóxicas e fundamentadas en variedades autóctonas.			
8.2 Incentivar a valorización de producións complementarias.			
9.3 Promover a comercialización en circuitos curtos.			
Proxectos identificados:			
Desenvolvemento da Marca de Garantía Produto do Eume.			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de marcas de calidade apoiadas.			
Número de produtores integrados en marcas de calidade.			

Obxectivo xeral	Mellora e diversificación dos sistemas de produción, transformación e comercialización agroalimentaria e forestal.		
Obxectivo específico	Mellorar a competitividade dos produtores primarios, fornecendo de valor engadido os produtos agrarios e promocionándoos nos mercados locais.		
Actuación	Promover a transformación do produto local.		
Descrición / Xustificación	Esta acción busca animar a transformación das producións primarias a partir da creación de pequenos obradoiros agroalimentarios, ben na propia explotación ben en instalacións fora das mesmas.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Creación de infraestruturas de transformación de produto local.			
Accións relacionadas:			
<p>1.2 Reforzamento do tecido asociativo. Dinamización das Mesas Sectoriais</p> <p>7.2 Investimentos en proxectos produtivos. Especialmente aqueles de producións respetuosas co medio; ecolóxicas e fundamentadas en variedades autóctonas.</p> <p>8.2 Incentivar a valorización de producións complementarias.</p> <p>9.1 Potenciar a diferenciación das producións primarias a través do acceso ás marcas de calidade.</p> <p>9.3 Promover a comercialización en circuitos curtos.</p>			
Proxectos identificados:			
Obradoiro de transformación de sidra, obradoiro de cervexa artesanal.			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de de infraestruturas creadas.			
Número de produtores usuarios das infraestruturas creadas.			

Obxectivo xeral	Mellora e diversificación dos sistemas de produción, transformación e comercialización agroalimentaria e forestal.		
Obxectivo específico	Mellorar a competitividade de produtores primarios, fornecendo de valor engadido os produtos agrarios e promocionándoos nos mercados locais.		
Actuación	Promover a comercialización en circuitos curtos.		
Descrición / Xustificación	<p>Preténdese favorecer a comercialización mediante circuitos curtos. Esta actuación ademais de contribuir a unha economía baixa en carbono deberá incrementar o valor engadido dos produtos pola eliminación dos intermediarios comerciais.</p> <p>Prevenirse actuacións como a promoción dunha rede de mercados locais que facilite a saída das producións, a elaboración dun catálogo de produtos e produtores locais, actividades formativas de cara a dita comercialización (imaxe, distribución, actividade comercial, etc.), así como outras de apoio as TIC's e que favorezcan o vínculo entre produtores e consumidores (aplicacións, webs, tendas on-line, etc.).</p>		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUCTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUCTIVA	X	FORMACIÓN	X
Resultados previstos			
<p>Creación de ferramentas TICs para a comercialización directa.</p> <p>Creación dunha rede de mercados locais.</p> <p>Catálogo de produtos e produtores locais</p>			
Accións relacionadas:			
<p>1.2 Reforzamento do tecido asociativo. Dinamización das Mesas Sectoriais</p> <p>2.1 Estímulo á creación de servizos mancomunados e a transversalidade das actuacións.</p> <p>2.2 promover a coordinación e o traballo en rede das entidades</p> <p>7.1 Mellora da eficiencia na xestión das explotacións agrarias</p> <p>9.1 Potenciar a diferenciación das producións primarias a través do acceso ás marcas de calidade.</p> <p>9.2 Promover a Transformación produto local.</p>			
Proxectos identificados:			
Creación dunha rede de mercados locais. Catálogo de produtos e produtores locais.			
Indicadores de seguemento / Resultado			
<p>Número de mercados locais participantes na iniciativa.</p> <p>Número de produtores recollidos na accións promocionais (catálogo).</p> <p>Número de explotacións e industrias que inclúen as TICs no proceso de comercialización.</p>			

Obxectivo xeral	Diversificación e desenvolvemento da actividade económica, a través da innovación, co fin de contribuir á creación de emprego.		
Obxectivo específico	Fomentar o emprendemento.		
Actuación	Creación e modernización de empresas.		
Descrición / Xustificación	A Diversificación e desenvolvemento da actividade económica é un eixo fundamental para acadar os diferentes obxectivos que están marcados na estratexia do GDR, dado que isto permitirá a fixación de poboación.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Crear e modernizar empresas cun carácter innovador no Territorio.			
Accións relacionadas:			
<p>1.1 Desenvolver o Plan de Difusión da Estratexia.</p> <p>3.4 Difusión das novas tecnoloxías da información entre as empresas e a poboación do territorio.</p> <p>10.2 Rede de asesoramento ao emprendemento.</p> <p>11.1 Promover a creación e mellora de espazos para o emprendemento; incubadoras e viveiros empresariais,</p>			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado			
<p>Número de empresas creadas.</p> <p>Número de empresas modernizadas.</p> <p>Número de postos de traballo creados.</p> <p>Número de postos de traballo consolidados.</p> <p>Investimento privado realizado.</p>			

Obxectivo xeral	Diversificación e desenvolvemento da actividade económica, a través da innovación, co fin de contribuir á creación de emprego.		
Obxectivo específico	Fomentar o emprendemento.		
Actuación	Rede de asesoramento ao emprendemeto.		
Descrición / Xustificación	Unha das pexas detectadas cara o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais no Territorio é a falta dunha información centralizada que facilite ao emprendedor a posta en marcha do seu proxecto. Con esta acción preténdese coordinar a información relativa ao emprendemento de cara a facilitar a posta en marcha de iniciativas emprendedoras por medio do traballo en rede dos diferentes axentes involucrados do Territorio (ADLs, axentes de emprego, asociacións de empresarios, centros de dinamización empresarial, sindicatos, administracións públicas e GDR).		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Creación dunha rede de axentes involucrados no emprendemento coa fin de centralizar a información e que esta sexa accesible ao emprendedor.			
Accións relacionadas:			
2.1 Estimulo á creación de servizos mancomunados e a transversalidade das actuacións. 2.2 Promover a coordinación e o traballo en rede das entidades. 3.1 Apoiar investimentos para a creación, ampliación e mellora dos servizos. 10.1. Creación e modernización de pemes.			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de entidades traballando en rede. Número de emprendedores asesorados. Numero de reunións de coordinación mantidas.			

Obxectivo xeral	Diversificación e desenvolvemento da actividade económica, a través da innovación, co fin de contribuir á creación de emprego.		
Obxectivo específico	Promover a innovación a través da cooperación de emprendedores.		
Actuación	Animar a creación e mellora de espazos para o emprendemento.		
Descrición / Xustificación	En numerosas ocasións o emprendedor adolece de espazos onde poida iniciar a súa actividade económica cunhas infraestruturas básicas e complementariedades con outros emprendedores, polo que se estima necesario a creación destes espazos que favoreza a instalación de iniciativas empesariais dotados destas infraestruturas básicas que permitan o desenvolvemento do seu proxecto sen ter que afrontar importantes gastos nestos primeiros estádios.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Creación e mellora de espazos como incubadoras e viveiros empresarias, así como espazos orientados ao coworking.			
Accións relacionadas:			
3.1 Apoiar investimentos para a creación, ampliación e mellora dos servizos. 9.2 Promover a transformación do produto local, incluíndo os investimentos en infraestruturas de transformación (compartilas). 10.1. Creación e modernización de pemes.			
Proxectos identificados:			
Creación do viveiro de empresas "Gallamonde".			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de incubadoras de empresas creadas. Número de viveiros de empresas creados. Numero de espazos de coworking creados. Número de emprendedores instalados nestes espazos.			

Obxectivo xeral	Diversificación e desenvolvemento da actividade económica, a través da innovación, co fin de contribuir á creación de emprego.		
Obxectivo específico	Mellorar a oferta, promoción e comercialización do Xeodestino.		
Actuación	Apoio á prestación de servizos turísticos especializados.		
Descrición / Xustificación	O desenvolvemento dunha importante oferta aloxativa e de restauración precisa de servizos turísticos diferenciados que permitan completar a oferta existente, permitindo así o desenvolvemento dun sector que presenta evidentes potencialidades no Territorio.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	
NON PRODUTIVA		FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Creación de novas empresas de servizos.			
Accións relacionadas:			
4.1 Recuperación de elementos históricos culturais e patrimoniais.			
4.3 Promoción e desenvolvemento dos roteiros históricos como elemento integrador do territorio.			
8.3 Respalda accións que fomenten a biodiversidade e o coidado da paisaxe.			
9.3 Incentivar a comercialización en circuitos curtos.			
12.2 Crear produtos turísticos a partir dos principais recursos.			
12.3 Mellorar a coordinación da información e a comercialización do xeodestino. Creación entidade de xestión turística.			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de empresas turísticas creadas.			
Número de postos de traballo creados.			

Obxectivo xeral	Diversificación e desenvolvemento da actividade económica, a través da innovación, co fin de contribuir á creación de emprego.		
Obxectivo específico	Mellorar a oferta, promoción e comercialización do Xeodestino.		
Actuación	Crear produtos turísticos a partir dos principais recursos.		
Descrición / Xustificación	A existencia de recursos endóxenos con alto valor natural, cultural e patrimonial que existen no Territorio non semella acompañada por una eficiente comercialización, co que se pretende a creación dunha serie de produtos turísticos que impulsen o sector en base aos recursos existentes.		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA	X	ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Creación de produtos turísticos especializados como o turismo industrial, científico, histórico, de aventura, da natureza...			
Accións relacionadas:			
4.1 Recuperación de elementos históricos culturais e patrimoniais. 4.3 Promoción e desenvolvemento dos roteiros históricos como elemento integrador do territorio. 8.3 Respaldar accións que fomenten a biodiversidade e o coidado da paisaxe. 9.3 Incentivar a comercialización en circuitos curtos. 12.1 Apoio á prestación de servizos turísticos especializados. 12.3 Mellorar a coordinación da información e a comercialización do xeodestino.			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado			
Número de produtos turísticos creados. Incremento de visitantes según estadísticas oficiais			

Obxectivo xeral	Diversificación e desenvolvemento da actividade económica, a través da innovación, co fin de contribuir á creación de emprego.		
Obxectivo específico	Mellorar a oferta, promoción e comercialización do Xeodestino.		
Actuación	Mellorar a coordinación da información e comercialización do xeodestino. Creación dun ente de xestión turística.		
Descrición / Xustificación	<p>O sector turístico carece da coordinación suficiente para proporcionar información sobre a oferta territorial e estruturar os recursos de cara a obter produtos turísticos comercializables.</p> <p>Preténdese crear un ente de xestión turística capaz de integrar aos axentes públicos e privados para coordinar os diferentes esforzos na materia (información, creación de produtos e sobre todo comercialización).</p>		
NATUREZA DA ACCIÓN		GDR 24; SEITURA 22	
PRODUTIVA		ANIMACIÓN / COOPERACIÓN	X
NON PRODUTIVA	X	FORMACIÓN	
Resultados previstos			
Creación dun ente de xestión turística.			
Accións relacionadas:			
<p>4.1 Recuperación de elementos históricos culturais e patrimoniais.</p> <p>4.3 Promoción e desenvolvemento dos roteiros históricos como elemento integrador do territorio.</p> <p>8.3 Respaldo accións que fomenten a biodiversidade e o coidado da paisaxe.</p> <p>9.3 Incentivar a comercialización en circuitos curtos.</p> <p>12.1 Apoio á prestación de servizos turísticos especializados.</p> <p>12.2 Crear produtos turísticos a partir dos principais recursos.</p>			
Proxectos identificados:			
Indicadores de seguemento / Resultado.			
Creación dun ente de xestión turístico para o Territorio			
Número de concellos participantes no ente de xestión turística			
Número de entidades privadas participantes no ente de xestión turística			